

Totum revolutum

Inma López Silva

Título:

A boa persoa de Sezuán

Autor:

Bertolt Brecht

Director:

Nuno Cardoso

Compañía:

CDG

Reparto:

Rosa Álvarez
César Cambeiro
Antón Coucheiro
Mónica García
Rocío González
Roberto Leal
Rebeca Montero
Marta Pazos
Alberto Rolán
Toni Salgado
Machi Salgado
Hugo Torres

Escenografía:

F. Ribeiro

Vestuario:

La Canalla

Iluminación:

José Álvaro Correia

Nalgun momento tiña que chegar Bertold Brecht ao CDG, e fíxoo cun ar de posmodernidade, na procura dunha sorte de relectura contemporánea de Brecht, coma se Brecht non fose xa un contemporáneo e coma se Brecht non puidese ser reinterpretado desde o seu propio marxismo. Mesmo desde o posmarxismo, claro. É quizais por isto polo que todos os elementos de distanciamento propio do teatro épico de Brecht resultan n’*A boa persoa de Sezuán* de Nuno Cardoso retóricos, mesmo casuais. Como reteatralizar un teatro que non busca *a priori* a ruptura do pacto “Estamos no teatro”? Velaí o problema de tratar de ler a Brecht desde unha lectura se cadra máis posmoderna ca épica. E, con todo, *A boa persoa de Sezuán*, expón sobre as táboas un ritmo trepidante que apreixa o espectador e que mantén os actores a pleno rendemento durante dúas horas e media. Un rendemento que basea os momentos de intensidade do espectáculo na presenza simultánea de moitos dos actores no escenario, unha simultaneidade que, facendo desexábel unha mellor coreografía de movementos, chega a converter a escena nun *totum revolutum* de voces, desprazamentos e xestos. Quizais esa desorde sexa buscada, e quizais os momentos de efecto desconcertante consigan, dalgunha maneira, representar un parámetro distanciador, pero outras moitas veces só constitúen “ruídos”, elementos sobre o escenario que entorpecen a comunicación teatral e que, en ocasións, mesmo dificultan seguir o fío argumental.

Os actores, porén, salvan boa parte deses problemas, e sen dúbida son eles quen sostén o peso dun espectáculo cuxa dramaturxia está pensada para a efectividade co espectador, non só polo tratamento rítmico do espectáculo, senón moi especialmente pola vertente de humor posmoderno (os “deuses” de Brecht son aquí personaxes da cultura popular como Mickey Mouse, Supermán ou Marilyn Monroe) e pola capacidade do texto de Brecht para conectar cunha inqueda moral universal: a tensión entre o ben e o mal, ou o mal que radica no ben.

Entre os múltiples actores e actrices é imposible non destacar a Rocío González no papel protagonista quen, agás como cantante, amosa (como xa amosara en traballos anteriores coa compañía Factoría) posuír a gran versatilidade que esixe o personaxe de Xen Te / Xui Ta: ser capaz de desenvolver dous personaxes distintos, conseguindo, asemade, que o travestimento home-muller non se amose como elemento de es trañamento, senón como elemento xerador de ilusión. Entre os demais, conviven actores asiduos da escena galega desde hai moitos anos coma Rosa Álvarez, César Cambeiro, Roberto Leal, Rebeca Montero e mesmo Marta Pazos, con actores que por primeira vez acceden ao CDG e mesmo ao teatro profesional. Nese sentido, *A boa persoa de Sezuán* constitúe unha boa plataforma para a proxección das voces máis novas do teatro galego nunha demostración de que a canteira existe e que é ousada e eficaz.

Para rematar, non quixera esquecer unha escenografía que, en si mesma, amosa unha declaración de intencións da estética total do espectáculo, constituíndo un espazo luminoso, urbano, cheo dun dinamismo e vitalidade contemporáneas que contribúen, tamén, a *desestrañar* a situación chinesa do texto.



Rocío González e Alberto Rolán en *A boa persoa de Sezuán*